



# MEMORIA 2017



Mesa informativa no mercado de A Estrada

## Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo



# APACAF

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar



CON  
CALIDADE



DECLARADA DE UTILIDADE PÚBLICA NO DOG Nº 93 DO 13/05/2011 CO Nº DE REXISTRO 2004/6990-1




## A SEDE SOCIAL

### APACAF

Rúa Placer, 5-3ºB

36202 VIGO

 986226647

Séguenos  
nas redes

[info@apacaf.org](mailto:info@apacaf.org)

[www.apacaf.org](http://www.apacaf.org)




## OS CENTROS

### A Braña

Lg./ Pereiro, 18. Berres

A Estrada 36688

Desde 1988


 986 587475

### A Penagrande

Lg./ Penagrande, 1. Laxe

Moraña 36660

Desde 2009

 986 686749



# SUMARIO

	<b>QUEN SOMOS</b>
4	Alianzas
5	Carta da presidenta
6	Historia, Misión, Visión, Valores
7	Cómo nos organizamos.
	<b>OS NOSOS SERVIZOS</b>
8	Soños = realidades
9	Servizos
10 / 11	Actividades
12/13	Vacacións
	<b>O EQUIPO PROFESIONAL</b>
14	Formación de formadores
15	Voluntariado / Programa de prácticas / Recadación de fondos
	<b>A XESTIÓN ECONÓMICA</b>
16/17	Balance de ingresos e gastos
	<b>COMUNICACIÓN</b>
18	
	<b>COLABORADORES</b>
19	Fundación Tutelar FUNDITEA
20	Os nosos patrocinadores



# ALIANZAS

Socio desde 1994



Socio fundador desde 1995




Convenio con FUNDITEA

Fundacion Tutelar para a Promoción de Persoas con Discapacidade particularmente Trastorno do Espectro Autista



ROLDA DE PRENSA **Do Día Mundial do Autismo** no concello de A Estrada: Rompendo barreiras están de esquerda a dereita: Gonzalo González, director de Os Lóstregos, Javier Comesaña, director da Coral Polifónica de A Estrada, Amalia Golder, concelleira de benestar social do concello da Estrada, M<sup>a</sup> José Ferradáns Villar, presidenta de APACAF e Manuel Villar, da Masa Coral Polifónica de Berres



Convenio con Centro Médico de A Estrada

Convenio con Universidade de Vigo

Convenio con Universidade de Santiago

Convenio con Concello de A Estrada

# Carta da presidenta de APACAF



## A colaboración solidaria da xente da contorna

Rolda solidaria no concello de A Estrada rompendo barreiras na conmemoración do Día mundial de Concienciación do Autismo (DMCA) 2017

Presencia do alcalde de A Estrada, José López, e a concelleira de benestar social, Amalia Goldar.

Estimad@s amig@s:

Neste ano de 2017 quixera destacar 2 aspectos: a **relación solidaria coa veciñanza e a acreditación de transparencia e boas prácticas.**

Despois da nosa decisión en anos anteriores de poñer en marcha as redes sociais, a celebración do DCMA (Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo) e a recollida solidaria de tapóns, tivemos unha resposta rápida e xenerosa.

As bolsas de tapóns que os veciños depositan no contedor á beira do portal do centro A Braña, pronto encheron 2 bigbags de tapóns que lles levamos á protectora de animais de Pontevedra,

*Os Palleiros*, visita que aproveitamos para acariñar un pouco aos cans que alí viven.

O concerto solidario presentado por José Lueiro, no auditorio de A Estrada foi memorable. Comezou cun vídeo sobre APACAF feito polos profesionais da entidade cunha peza cedida por Milladoiro, "*Maruxa*". A Masa Coral Polifónica de Berres, estreou "*O oboe de Gabriel*" peza da película *A Misión*, onde se pide protección e axuda ao anxo san Gabriel. A Coral Polifónica de A Estrada, o grupo de acordeóns Os Lóstregos, e Aquamúsica de Ourense, entre todos fixeron unha noite de gran nivel musical e moi emotivo.

Agradecemoslle a a Manuel Villar o seu bo facer para organizar este concerto e a Juan Rivadulla a posta en marcha da celebración do partido de fútbol solidario en favor de APACAF no Nadal e aos equipos participantes cos seus presidentes.

Ademais do cariño da xente, APACAF tamén se veu refrendada pola acreditación de Transparencia e boas prácticas na xestión pola Fundación Lealtad, coa axuda da Fundación Barrié gran colaboradora de moitos anos.

Unha forte aperta a tod@s,

María José Ferradans Villar



# HISTORIA, VISIÓN E MISIÓN

## FITOS HISTÓRICOS

**Ano 1988**, ábrese o Centro “A Braña” froito do esforzo dun grupo de familias para atender as necesidades especiais de persoas con Trastorno do Espectro Autista.

**Ano 1993**, decídese en asemblea xeral constituír unha asociación que asuma a xestión do centro, creándose así **APACAF**, a entidade que agora asume a súa titularidade.

**Ano 2005**, creouse o primeiro servizo de residencia de 365 días ó ano, formando un fogar de residentes estable de 4 persoas con TEA que se ampliou no ano 2006 a 8 prazas. APACAF amplía os seus servizos a área de emprego con apoio, Plan Centrado na Persoa, mellora da calidade de vida...

**Ano 2007**, Creación dunha Fundación Tutelar FUNDITEA, para seguir prestando apoios cando a familia falte.

**Ano 2008**, ábrense as portas dun novo centro en A Penagrande, Moraña, polo que APACAF recibe un premio AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural. APACAF acada a certificación de calidade ISO 9001:2008.

**Ano 2011**, APACAF acada a certificación de COMPROMISO COA EXCELENCIA EUROPEA, EFQM e obtén a declaración de Utilidade Pública

**Ano 2013**, APACAF celebra os 25 anos de apertura do centro A Braña

**Ano 2014**, APACAF recibe o premio TERRITORIOS SOLIDARIOS outorgado polos traballadores do Banco BBVA

**Ano 2017** acreditación de transparencia e boas prácticas a través da Fundación Lealtad

## VISIÓN

**Ofrecer servizos de innovación e excelencia para as persoas con autismo e as súas familias**


## MISIÓN

***Mellorar a calidade de vida das persoas con autismo a partir dun enfoque centrado no individuo, as súas necesidades, a súa historia e a súa comunidade. Traballamos para ofrecer os apoios e o entorno necesario para que isto poida ser unha realidade.***



# CÓMO NOS ORGANIZAMOS

## organigrama





# soños = realidades

## PROGRAMA DE RESPIRO



Qué chulo poder pasar unha fin de semana no centro A Braña de vacacións fora da rutina diaria







# SERVIZOS

## RESIDENCIA

8 usuarios conviven no centro A Braña en réxime de residencia os 365 días do ano.

É un lugar para vivir no medio rural onde se priman a autonomía persoal, a atención individual (Plan Centrado na Persoa), a inserción laboral, a saúde e benestar emocional e a inclusión social.

COFINANCIADO POR:

Xunta de Galicia . Consellería de Política Social

Consellería de Economía. Programas de Cooperación



## CENTRO DE DÍA

7 usuarios acoden ao centro **A Penagrande**, sito en Moraña, en réxime de centro de día de luns a xoves en horario de 10:00 a 18:00

COFINANCIADO POR:

Fundación FUNDITEA

Deputación de Pontevedra

Xunta de Galicia Consellería de Economía P. Cooperación

Obra Social La Caixa



## OCIO E TEMPO LIBRE

Usuarios provintes de diferentes concellos da xeografía galega acoden ao centro **A Braña** todas as fins de semana de venres a domingo para pasar un tempo de lecer e convivencia e una estancia máis prolongada no verán

COFINANCIADO POR:

Xunta de Galicia. Consellería de Política Social

Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad (IRPF): Programa de respiro familiar





# ACTIVIDADES



## ECA

### Emprego con apoio: o traballo por conta allea

Candela foi contratada pola Asociación de comerciantes de A Estrada -ACOE- en Nadal para facer tarefas de marketing

## HORTA ECOLÓXICA

### Inserción laboral: o traballo por conta propia

Sita na propia finca do centro A Braña, hai unha explotación de agricultura ecolóxica con coidado de animais de curral con certificado do CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza) na que os usuarios desenvolven habilidades pre-laborais. Os produtos son para o autoconsumo.

### Subvencionado por

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



## SAÚDE E BENESTAR

O benestar emocional é un área transversal que abrangue moitos aspectos da vida diaria:



- Alimentación sana e ecolóxica
- Exercicio adaptado
- Relaxación na aula multisensorial
- Musicoterapia / expresión plástica
- Ritmo de vida en sintonía coa natureza
- Coidado dos animais e da horta
- Visitas ao centro de saúde de A Estrada



# ACTIVIDADES

## FORMACIÓN CONTINUA

- Logopedia
- Psicomotricidade
- Horta ecolóxica
- Coidado de animais: galiñas, polos, parrulos
- Expresión plástica
- Aula TEACHH



## INCLUSIÓN SOCIAL

As tarefas da vida diaria e os paseos e viaxes desenvólvense sempre en pequenos grupos cun ratio de atención de un coidador por usuario como garante dunha boa integración social.


Na foto da esquerda Lucía e Toño pasean por Santiago con César e Katia, usuarios do servizo de residencia.

## CELEBRACIÓN DAS FESTAS

As festas son a mellor ocasión para desenvolver a creatividade e a convivencia.

Na foto da dereita, un grupo de usuarios do programa de respiro, celebran o entroido cun cartel e disfraces realizados por eles mesmos





# VACACIONS

## Asnoterapia en Allariz

**Datas:** 5 ao 10 de xuño

**Lugar:** Allariz

**Participantes:** 3 persoas que viven en A Braña

**Programa:**

-Actividades de Terapia con asnos

-Disfrute do entorno natural

- Visitas a Allariz, Celanova e Ourense

**Organizado** por :

Federación Autismo Galicia

**Transporte:** Autismo Galicia

Colabora: A.N.D.R.E.A .  
Asociación



## Viaxe a San Xenxo

**Datas:** 8 ao 12 de maio

**Lugar:** Hotel Canelas, Portonovo

**Participantes:** 5 persoas, usuarios do servizo de residencia do centro "A Braña"


**Programa:** disfrutar do bo tempo, praia pola mañán e as tardes máis versátiles con paseos por O Grove, A Toxa, visitas ás cafeterías para tomar xeados e refrescos, ou disfrute das piscinas do hotel

**Ratio monitor-usuario:** 1/1 + coordinadora de grupo

**Co-financiado** por: IMSERSO -Ministerio de Sanidad y Asuntos Sociales

**Organiza:** Confederación Autismo España

**Transporte:** IMSERSO





# VACACIONS

## Colonias de verán

en

## A Braña e A Penagrande

**Datas:** mes de agosto

**Lugar:** centro “A Braña”, Berres. A Estrada

**Programa:**

Fixéronse saídas a Torre de Guimarei, Insuas de Gres en Vila de Cruces e pola contorna

**Participantes:**

24 rapaces

**Co-financiado por:**

Xunta de Galicia e

Ministerio de Sanidad y Asuntos Sociales: IRPF

**Transporte:** APACAF

## Asnoterapia

Allariz

**Datas:** 4 ao 9 de setembro

**Lugar:** Asociación A.N.D.R.E.A. Allariz

**Participantes:** 2

**Organizado por:**

Federación Autismo Galicia

**Programa:**

-Actividades de Terapia Asistida con asnos

-Actividades de ocio

-Visitas ao entorno

**Transporte:** Autismo Galicia

Colabora: A.N.D.R.E.A. Asociación





# FORMACIÓN de FORMADORES

A coordinadora técnica, a presidenta e a responsable de administración facendo una presentación de boas prácticas en APACAF na sede da Fundación Barrié en Vigo



## Accións formativas de carácter externo:

1. *iCalidad Una propuesta para la mejora de los sistemas de apoyo a las personas con TEA.* Impartida por Autismo España en Xaneiro 2017 en Madrid. Participaron 2 profesionais de APACAF
2. *Actuación en Diagnóstico de TEA a lo largo del ciclo vital.* Impartida por AETAPI en xaneiro de 2017. Participaron 2 profesionais de APACAF
3. *Apoio Condutual Positivo.* Organizado por Autismo Galicia en marzo de 2017 en Santiago. Participaron 6 profesionais de APACAF
4. *Curso de Gestión de Calidad en entidades de Servizos. Nova norma ISO 9001:2015.* A través de Tutela Empresas. Abril 2017. Participaron 2 profesionais de APACAF
5. *Intervención en contextos naturales para personas con TEA.* Organizada por Autismo Galicia, Santiago, mes de maio de 2017. Participaron 2 profesionais de APACAF
6. *Vida adulta en personas con Trastorno do Espectro do Autismo.* Organizada por Autismo Galicia. Outubro 2017. Participaron 7 profesionais de APACAF
7. *Transición á norma ISO 9001:2015.* Organizada e impartida por Algalia no mes de novembro de 2017 en Santiago. Participou 1 profesional de APACAF
8. *Reglamento General de Protección de Datos (RGPD).* A través de Tutela Empresas. Novembro 2017. Participou 1 profesional de APACAF

## Accións formativas de carácter interno:

1. *Plan de autoprotección e pautas para a evacuación do centro A Braña.* Impartida no centro A Braña no mes de setembro de 2017 na que participou todo o equipo profesional da entidade.
2. *Apoio condutual positivo.* Impartida no centro A Braña no mes de setembro de 2017 e na que participou todo o equipo profesional da entidade



# PROGRAMA DE PRÁCTICAS PROGRAMA DE VOLUNTARIADO RECADACIÓN DE FONDOS


## PRÁCTICAS

Durante o ano 2017 realizaron as prácticas con nós:

1 estudante da Facultade de Pedagogía da USC.

Marzo 2017. 120 horas de prácticas

1 estudante da Facultade de Educación Social da universidade de Vigo. Febreiro a maio de 2017. 500 horas



## VOLUNTARIADO

Anxo Carracedo, xenetista da universidade de Santiago de recoñecido prestixio internacional, con Jimmy Frausto, un usuario de residencia, no programa **#RetraTEA** organizado por Autismo Galicia e realizado por La Diapo no que un grupo de voluntarios de diferentes ámbitos tamén de recoñecido prestixio foron fotografados por persoas con autismo para o calendario de 2018 .

Esta é so unha das colaboracións de voluntarios. Dende aquí: **MIL GRAZAS**

## PARTIDO DE FUTBOL SOLIDARIO

Recadación: **1.500€**

Dirixida á adecuación da aula multiusos do centro A Braña

## ARTESANÍA FORNELENSE

Recadación: **100 €**

Dirixida a actividades dos usuarios do centro A Braña

## CONCERTO BENÉFICO

Recadación: **823€**

Colaboracións: Corais de Berres, A Estrada e Ourense e os loóstregos. Presentado por José Lueiro

Dirixida á adecuación da aula multiusos do centro A Braña




## RECOLLIDA TAPÓNS

Recollida no centro A Braña de tapóns solidarios para entregar á protectora de animias de Pontevedra **OS PALLEIROS**






# INGRESOS







# GASTOS



- Persoal
- Mantenemento
- Alimentación
- Transporte
- Seguros
- Consumos
- Bancos
- Limpeza
- Formación
- Cuotas
- Actividades
- Outros

Benvida á nova xunta directiva elixida na asemblea de xuño de 2017 para o período 2017-2021

Vicepresidente, Laureano Soto, presidenta, M<sup>a</sup> José Ferradáns, vogal, Azucena Vázquez, secretario, José Castro e tesoureiro, José Seaje





# COMUNICACIÓN

## DCMA-2 abril

Día Concienciación Mundial do Autismo

### ACTOS

- ◆ Mesa informativa no mercado da Estrada
- ◆ Roda solidaria e acto simbólico de rotura de barreiras
- ◆ Lectura de manifesto
- ◆ Concerto benéfico no Teatro Principal de A Estrada



Sonia, Candela, o alcalde de A Estrada, José López e Carlos Pujol, voluntario de APACAF



Un momento do acto de celebración do DCMA con Mar Blanco (Móveté A Estrada), Jenny, usuaria do centro de día, e Amalia Golder, concelleira de benestar social do Concello de A Estrada

## Resumen redes sociais

54 publicacións en Facebook e Twitter

Total anual de persoas alcanzadas: máis de 60.000

- DMCA: 22.000 persoas alcanzadas
- Campamentos de verán: 14.000 persoas alcanzadas

## Presencia nos medios

16 noticias en prensa escrita:

- ◆ La Voz de Galicia
- ◆ Faro de Vigo
- ◆ Noticieiro Fundación Lealtad

Entrevistas en Radio Estrada



Noticia de "La Voz de Galicia" do 1 de agosto de 2017 sobre o inicio dos campamentos de verán no centro A Braña



# FUNDACIÓN TUTELAR FUNDITEA

## Memoria de actividades Ano 2017

### **SERVIZO DE ATENCIÓN DIRECTA NO CENTRO A PENAGRANDE**

- Centro de día

Durante todo o ano desenvolveuse o programa de centro de día e de rehabilitación psicosocial 4 días á semana, de luns a xoves. As actividades que se desenvolveron foron:

- Autonomía persoal: talleres de formación, logopedia, ioga, informática, expresión artística
- Saúde e benestar: pscomotricidade, relaxación, sendeirismo
- Integración social: saídas pola contorna: cafeterías, compras, etc

- Estancia vacacional de verán

Durante o mes de agosto realizáronse estancias con pernocta cunha dobre finalidade: rehabilitación psico-social para os usuarios participantes e un tempo de descanso para as súas familias.



Usuarios e profesionais visitando o Pazo A Toxeiriña,  
preto do Centro A Penagrande, en Moraña,  
durante a rodaxe da serie “*Vivir sin permiso*” de Mediaset  
con José Coronado, Alex González e Luís Zahera

### **COFINANCIACIÓN ACADADA:**

Para estes servizos contamos coa cofinanciación de:

- **DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

Subvención para o Programa de Centro de día




- **XUNTA DE GALICIA**

Consellería de Economía D. X. de Promoción de Emprego:

Programas de Cooperación. Un contrato de 9 meses de 1 educadora





# COLABORADORES

## PÚBLICOS



## PRIVADOS

